



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Seminarios de Especialización Aplicada III: Economía, Tecnoloxía, Risco e Cambio Socio-Cultural		Código	615545011	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Optativa	5	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Santiago Gómez, Elvira	Correo electrónico	elvira.santiago@udc.es		
Profesorado	Cotillo Pereira, Alberto Rodríguez Teijeiro, Ariadna Roman Masedo, Laura Santiago Gómez, Elvira	Correo electrónico	a.cotillo@udc.es ariadna.rodriguez@udc.es laura.roman@udc.es elvira.santiago@udc.es		
Web	www.sociologia.udc.gal				
Descrición xeral	<p>Esta materia ofrece ao alumnado unha aprendizaxe centrada no coñecemento de como a investigación social aplícase a ámbitos tales como: a/ o estudo do desenvolvemento tecnolóxico e cambio socio-cultural; b/ as transformacións nos sistemas económicos e do mercado de traballo; c/ a comunicación e percepción social do risco; ou d/ a mobilización e desmovilización política.</p> <p>Tamén, os estudantes familiarizaranse con procesos e proxectos de investigación aplicados reais e coñecerá exemplos da investigación social e cultural realizada na Facultade. Iso permitiralles achegarse, de forma práctica, á implementación do coñecemento para abordar os retos sociais actuais, o uso do método científico, así como a aplicación dos fundamentos epistemolóxicos e éticos da investigación social.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
C10. Adquirir coñecementos avanzados sobre os aspectos teóricos e prácticos dos retos das sociedades actuais a través dos procesos de investigación e análise social.	AM10	
H3 Desenvolver unha investigación aplicada con fins de intervención relacionada con algún reto complexo da sociedade.	AM13	
H6 Desenvolver capacidade para planificar a investigación, elixindo correctamente as fases e os procedementos que garantan a máxima rigorosidade e que sexan adecuados a distintos contextos dentro do ámbito público ou privado.	AM16	
H9 Desenvolver unha capacidade avanzada para avaliar a calidade e os resultados dos procesos de investigación.	AM19	
CP1. Contrastar a importancia da diversidade metodolóxica existente para a análise da realidade social, política e económica, abordando distintos problemas complexos das sociedades actuais a través de solucións creativas e novas.	AM20	
CP2. Aplicar os procesos e protocolos de captación de información de forma ética necesarios para observar e analizar de forma correcta e respectuosa a realidade social, política e económica, especialmente en contextos de alta vulnerabilidade ou complexidade.	AM21	
CP3. Elaborar e implementar proxectos de investigación en contornas novas ou pouco coñecidos.	AM22	
CP4. Desenvolver a capacidade para aplicar os coñecementos teóricos e metodolóxicos adquiridos á actividade profesional en contornas interdisciplinares.	AM23	
CP6. Desenvolver a capacidade de entender en profundidade os fundamentos teóricos e prácticos dos métodos estatísticos, as técnicas multivariantes e as ferramentas de software para a análise avanzada.	AM25	



CP7. Desenvolver a capacidade de xerar teorías de alcance intermedio e, por tanto, potencialmente aplicables/transferibles á sociedade, interpretando os inputs que xeran as técnicas de análise social.	AM26		
CP10. Elaborar, presentar e defender de maneira individual un exercicio orixinal de carácter profesional no ámbito da investigación que faga unha contribución significativa ao estado da cuestión no estudo dun problema complexo e/ou á súa resolución práctica.	AM29		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Aplicacións da investigación social ós estudos sociais, desenvolvemento tecnolóxico e cambio socio-cultural.	-
2. Aplicacións da investigación social sobre transformacións dos sistemas económicos e o mercado de traballo.	-
3. Aplicacións da investigación social ós estudos sobre medios de comunicación e percepción do risco.	-
4. Aplicacións da investigación social ós estudos sobre mobilización e desmobilización política.	-

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A13 A16 A21 A29	66	30	96
Sesión maxistral	A10 A19 A20 A22 A23 A25 A26	25	0	25
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Nos talleres aplicaranse os coñecementos adquiridos nas sesións maxistras a través de exercicios prácticos e exemplos da investigación social e cultural realizada na Facultade de Socioloxía para saber, de forma práctica, como se implementa o coñecemento á hora de abordar a investigación dos retos sociais actuais.
Sesión maxistral	A través de clases teóricas os estudantes familiarizaranse con procesos e proxectos de investigación aplicados reais no ámbito do desenvolvemento tecnolóxico e cambio socio-cultural, a comunicación e percepción social do risco, así como a mobilización e desmobilización política.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Realízase atención personalizada durante os talleres e a través das tutorías individuais. O material utilizado tanto nas sesións maxistras como nos talleres estará dispoñible no Campus Virtual, así como os materiais necesarios para a realización das diferentes prácticas e traballos.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A13 A16 A21 A29	Avaliación das memorias sobre os contidos dos seminarios. O alumnado deberá redactar un breve resumo comentado de cada seminario.	100

Observacións avaliación



Convocatoria de segunda oportunidade: Manterase o mesmo sistema de avaliación para as convocatorias de segunda oportunidade. Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?,?dedicación ao estudo?,?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coanormativa académica vixente da UDC.?

Fontes de información

Bibliografía básica

- Rodríguez, M^a. J.; Garrigós, J.I. (2017). Análisis sociológico con documentos personales. Madrid, CIS
- Medina, I.; Castillo, P.; Alamos-Concha, P- (2017). Análisis cualitativo comparado. Madrid, CIS
- Conde Gutiérrez, F. (2009). Análisis sociológico del sistema de discursos. Madrid, CIS
- Coller, X. (2000). Estudio de casos. Madrid, CIS
- Ellet, W. (2018). The case study handbook_ a student's guide. Boston
- Yin Robert (2009). Case study research. Design and Methods. CA: SAGE
- Creswell, John (2007). Qualitative Enquiry and Research Design: choosing among five approaches. CA:SAGE

Durante o curso se compartirán no campus virtual as fontes de información adicional específicas de cada unha das sesións que poidan resultar necesarias para o correcto seguimento do curso.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

MatriculaEsta é unha do tres materias optativas que se ofertan no 2º cuatrimestre. Para superar a titulación, deberán cursarse polo menos dúas materias optativas, a elixir os seminarios de especialización e o complemento de formación "Análise estatística descritivo e inferencial" (1º cuatrimestre). Quen se matricule no complemento de formación, só necesitará matricularse nun seminario de especialización. Quen non se matricule no complemento de formación, necesitará cursar dous seminarios de especialización.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías